



## **UN MODELO DE TRABALLO NA AULA: A CUESTIÓN SOCIAL NA LITERATURA GALEGA**

---

*Carme Fernández Pérez-Sanjulián*

### **INTRODUCCIÓN**

A proposta que apresentamos a seguir non está concebida para ser empregada nunha aula de E.X.B. (ainda que con certas modificacións e unha evidente e necesaria simplificación dos contidos pudese servir para utilizar no nivel superior que, tal como están os planos de estudos, é o único onde se imparte esta matéría) senón que vai dirixida, sobretodo, aos futuros e futuras mestres e mestras que constituen o alunado das EE.UU.de F.P. de E.X.B..

Nestes centros a disciplina de Literatura galega apenas ten cabida; agora mesmo, só se imparte en terceiro, curso que, por mor das prácticas, dispón únicamente de dezanove semanas reais de clase. Esta escasez do tempo adicado á disciplina que nos ocupa non permite unha revisión en profundidade do visto polo alunado en terceiro de B.U.P. e/ou C.O.U.(onde a Literatura galega é só unha optativa).

Ante esta situación, pensamos que o sistema que aqui propomos pode aportar novedades interesantes ademais de axudar ao óptimo aproveitamento do espazo temporal reservado á matéría de Literatura, polo menos, mentres non muden os planos de estudio de Maxis-tério e se lle conceda unha maior atención a esta disciplina.

Tendo isto en conta, formulamos unha proposta para a aula coa que se intenta obrigar ao alunado a un traballo de revisión e síntese dos coñecimentos básicos de Literatura adquiridos previamente; este labor, á sua vez, pode e debe propiciar a elaboración doutras unidades de traballo semellantes ou alternativas.

Procura-se, tamén, neste traballo, fuxir do criterio historicista que ten viciado tantas veces o ensino da nosa disciplina. A importáncia da História da Literatura é algo inegábel á hora do estudio de calquer Literatura normalizada mais a sua relevancia é maior nos

casos das Literaturas que, como a nosa, se teñen desenvolvido en circunstancias anómalas.

Agora ben, esta interrelación non nos debe levar á concepción (común entre unha parte do profesorado e a maioria dos libros de texto) da Literatura como unha sucesión de nomes de autores e obras aos que se engaden unhas certas notas estéticas e históricas. Como consecuencia diso, moitos alumnos e alumnas tiran a conclusión de que o estudo da Literatura vén ser a aprendizaxe daquel listado cronolóxico de escritores, escritoras e obras, sen chegar a perceber a relación que existe entre uns e outras. Finalmente, produce-se unha lóxica infravaloración da disciplina, ao ser considerada como un elemento meramente decorativo e bastante pouco importante no que é o proceso de evolución do pensamento ao longo da historia.

Fronte a este xeito de entender o estudo da Literatura, propomos un outro método de traballo no que apresentamos unha serie de unidades organizadas arredor de bloques temáticos (neste caso o tratamiento do aspecto social, mais tamén se poderían propor outros como a imaxe da muller através da Literatura, o tema da paisaxe, o celtismo, o ruralismo...).

O feito de organizarmos así os contidos non é en absoluto casual senón que responde á maneira de orientar o noso traballo cos alumnos e alumnas. O que se pretende é establecer relacions entre obras e autores/-as de épocas diferentes, buscando as liñas ideolóxicas e/ou estéticas que se repiten duns textos a outros de xeito que o alunado penetre no discurso interno da Literatura e sexa quen de interpretá-la.

Apresentamos aqui un sistema de traballo que non ten por que se repetir noutros modelos semellantes. Ao ser este un tema tan xeral pareceu-nos conveniente deseñar unha liña expositiva que, dun xeito claro, axude ao alunado a obter unha visión de conxunto a respecto desta cuestión. O que se pretende é que este esquema sexa un punto de partida para a análise dos textos propostos primeiro e, nunha segunda fase, para o desenvolvemento das cuestiós que aquí fican só apontadas.

Resulta óbvio que a organización desta nosa proposta a partir dun criterio de sucesión cronolóxica dos textos ten algo de “repaso” da História da nosa Literatura. Este sistema parece-nos interesante co fin de consolidar os conceitos aprendidos no Bacharelato, obligando aos alumnos e alumnas a ler de novo certos textos, leitura e revisión que, feita coa perspectiva que dan esos anos transcorridos desde a primeira vez que a eles se enfrentan, pode ser moito más madura e reflexiva.

Así pois, pensamos que a idea que fundamenta este traballo xa ficou medianamente clara. Pretendemos que, a partir deste ou doutros traballos semellantes, o alunado logre construir sínteses temáticas globalizadoras sobre distintos temas e aspectos da nosa Literatura e que, ao mesmo tempo, sexa quen de enfrentar-se aos textos dun xeito crítico e criativo, facendo leituras sempre persoais. Por outra parte, esta unidade aspira unicamente a fomentar o traballo interactivo na aula, do que agardamos resultados moito más interesantes e criativos que o que aquí se expón.

## 1.- IDADE MÉDIA: UNHA LITERATURA NOBILIAR

Á hora de ler a literatura desta época, hai que ter sempre moi en conta que estamos ante unha literatura de clase (feita por e para un determinado grupo social). Nela atopamos duas visións diferentes da sociedade medieval:

A) Representación ideal do modelo de sociedade feudal, moi estilizada e, en moitas ocasións, bastante afastada da realidade, visión que nos dan as novelas artúricas, como moi ben sinala Carlos García Gual no seguinte texto:

*“En contraste coa realidade histórica, que condena o futuro da cabalaría como clase social, fronte ás inclinacións da monarquía da época (en Francia e en Inglaterra), a literatura novelesca crie unha falsa illusión, onde a sua fascinante e nostálxica atracción vén dobrada pola sua irrealdade. Arturo é o rei deste universo fantástico, máxico e químérico, onde os cabaleiros triunfan do mal, dos monstruos e dos toscos viláns e os mesquinos burgueses. Tanto os grandes señores feudais como os fidalgos empobrecidos e os mozos deserdados que vagan en pos de fortuna atopan nestas novelas un mundo moito más prometedor e más vistoso que o da dura realidade, sórdida e ameazadora. Os tempos do rei Arturo, en que o amor e a aventura se ofrecian de modo espontáneo á ousadia dos cabaleiros audaces e nobres, tempos en que a xenerosidade real sabia recompensar aos bons, en que a economía non pesaba abrumadoramente sobre as vidas dos mozos a quen as empresas de cabalaría brindaban gloria, terras e amores doados foron moi distintos da época na que vivian os novelistas corteses. A pátina ideal e de refinamento nos costumes e a ética cabaleiresca son, en parte, ficción interesada, un xogo que os escritores e os leitores de tales relatos se traen entre as mans, e un espello máxico en que queren embaucarse ilusionadamente.*

*O mítico Arturo fica nesta atmósfera galante e aventureira desligado do seu carácter de heroi nacional, e transforma-se nun paradigma universal do monarca ideal, que como a cabalaría mesma está más alá e por riba dos intereses nacionais históricos. A ideoloxía feudal acentúa que as fronteiras fundamentais na sociedade son as horizontais, é dicir, as diferencias de clase: cabaleiros fronte aos viláns e clérigos. As fronteiras verticais, as distincións de nacionalidade, non contan. O importante é a ética, non a economía. E o código da civilización cabaleiresca occidental é internacional. Responde a unha idea de *Orde*, unha xerarquia social inmutábel e eterna. O código de honor, o ámbito da cortesía, os ideais éticos (cun fundamento cristián) son universais. Tamén isto contribue ao éxito dos mesmos e á sua rápida difusión por toda Europa, así como á longa permanéncia da retórica cabaleiresca.”*

GARCIA GUAL, C.: *Historia del Rey Arturo y de los muy nobles y errantes caballeros de la Tabla Redonda*, Alianza ed., Madrid, 1989, pp. 64 - 65.

B) Imaxes concretas da sociedade medieval que, dun xeito fragmentario, podemos extraer dos textos, sobre todo das cantigas de escárñio e maldizer e, tamén, das Cantigas de Santa María.

Nestes textos tocan-se moitos temas. Por exemplo nas de escárñio fai-se tamén a crónica política da época, coas conseguintes referéncias a guerras, conflitos entre nobres, loi-

tas polo poder... e nas de Santa María hai unha compoñente relixiosa á que non nos referiremos nesta unidade, por máis que nun sentido amplo sexan tamén cuestións sociais. O que nos interesa estudar agora é a plasmación que se fai nelas da vida privada das xentes daquel tempo e, como veremos nas de escárnio, a sátira de comportamentos transgresores, en maior ou menor grau, das normas morais ou de relación social da época.

## 1.- EXERCÍCIOS

1.- Compara as diferentes visións que dunha romaria se nos dan nas cantigas “Pois nossas madres vam a Sam Simom” de Pero de Viviães (B 735 / V 336) e “Como Santa María se vingou do escudeiro que deu couce na porta de sa eigreja” de Afonso X (Mettmann CSM 317).

2.- Descrebe a pastora da cantiga “Pelo Souto de Crexente” de Joam Airas de Santiago (B 967 / V 554); Pensas que através deste poema podemos extraer alguma referencia ao mundo popular da época?

3.- ¿Como é a sociedade en xeral (e a Corte en particular) segundo as novelas artúricas? Compara-a coa Corte de Afonso X, analizando as suas propias palabras na cantiga “Nom me posso pagar tanto” (B 480 / V63). Repara o que, sobre este rei, nos conta un contemporáneo seu: Paio Gómez Charinho, na cantiga “De quantas cousas eno mundo som,” (A 256). Poderíamos tirar alguma conclusión?

4.- En cal das visións do mundo medieval (A ou B) situarias as cantigas de amor, as pastorelas e, mesmo, as cantigas de amigo?

5.- Busca nalgúnha antoloxía outras cantigas satíricas e elixe unhas cantas que che resulten interesantes. Que temas aparecen con más frecuencia nelas?

*“Unha análise primeira dos textos burlescos revela algo que semella primordial: estamos observando e assistindo aos movimentos e especulacións dun mundo social moi específico: o constituído polos xograis, soldadeiras, segrelas e cantadeiras no marco dunhas cortes reais moi permisivas - con monarcas que tamén participan no xogo-, onde a desenvoltura, o enxeño, a mordacidade, a criación, son recoñecidos como virtudes . (...) o mundo xogaresco goza na Idade Media dunhas liberalidades - conferidas polo seu carácter boemio e, ao tempo, comunmente dócil e submiso para co poder - ausentes no resto da sociedade.”*

PENA, X.R.: *Literatura galega medieval.I.A historia*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1986, páx. 195.

6.- Neste texto dá-se-nos unha explicación para a, de entrada, sorprendente liberdade de criación dos poetas medievais. Repara tamén en como un mesmo autor (por exemplo Afonso X) fai fortísimas sátiras e, ao tempo, devotos poemas á Virxe.

7.- Pensas que todos estes elementos aportan novos dados á nosa imaxe da sociedade medieval?

8.- Con que temas ou aspeitos aparece relacionada a muller nas cantigas de escárnio?

9.- Por último, cren que hoxe se poderían escreber e publicar textos como estes? Serían admitidos socialmente? Que reaccións provocarian?

## 2.- SÉCULO XIX: UN COMPROMISO COAS CLASES POPULARES

*“O realismo galego, producido quer por fidalgos quer por pequenos burgueses ilustrados, será un realismo campesino e non un realismo burgués. E, aínda máis, non se limitará a testemuñar do mundo rural: identificaráse radicalmente coas arelas e cos intereses da poboación labrega, chegándose a convertir nunha literatura fortemente ideolóxica, con distintos matices liberais e agraristas.”*

MENDEZ FERRIN, X.L.: *De Pondal a Novoneyra*, Ed. Xerais, Vigo, 1984, pág. 23.

A partir disto, podemos indicar os seguintes núcleos temáticos:

A) Descripción da situación do mundo popular, especialmente dos labregos e labregas: foros, impostos, miseria...

Comproba o tratamiento deste núcleo nos poemas siguientes: “Adiós ríos, adiós fontes” de Rosalia de Castro: *Cantares Gallegos*, 1863; “O Maio” e “Nouturnio” de Manuel Curros Enríquez: *Aires da miña terra*, 1880; “A Xusticia pola man” de Rosalia de Castro, *Follas Novas*, 1880.

B) A emigración, grande drama da Galiza deste século, focada desde unha dobre perspectiva:

.- como problema social:

O país fica sen unha parte importante do sector produtivo e, polo tanto, sen forzas nenzas para progresar, (como é doadoo comprobar no “Prólogo” e no poema “¡Prá á Habana!” do libro *Follas Novas* de Rosalia de Castro, 1880).

.- como problema individual:

Para os homes e as mulleres condenados á soildade, á tristeza, ou, mesmo, ao abandono. Sinala estes trazos nos poemas “Cántiga” de Manuel Curros Enríquez: *Aires da miña terra*, 1880, e “Tecín soia a miña tea” de Rosalia de Castro, *Follas Novas*, 1880.

*“(… ) no prólogo a *Follas Novas* Rosalia problematiza a sua condición de muller escritora. Nel fai, ademais, un apaixonado recoñecemento aos traballos e tribulazóns das mulleres dos nosos campos e riveiras e anúncia o propósito de cantar a sua abnegada existéncia de heroínas anónimas de “probes mártires” no libro “As viudas dos vivos e as viudas dos mortos”. Neste, o drama de fondo é a emigración, tema concurrente na nosa literatura. Mais se nela, desde unha perspectiva masculina, o que se trata son habitualmente os conflitos e loitas do home emigrante, para Rosalia o aspecto más doloroso á a situazón a que se ven condenadas as mulleres que fican en Galiza: soildades, desamparo afectivo, necesidade de substituíren o home en todos os labores, indefensión económica. Se o que agarda a moitos emigrantes é posivelmente un “simiterio inmenso / da Habana”, o que espera ás suas mulleres é sempre, inexoravelmente, o abandono, a desolazón”.*

PALHARÉS, PILAR: “Rosalia: Unha leitura feminista” in VV.AA.: *Rosalía de Castro. Unha obra non asumida*, Ed.Xistral, A Coruña, 1985, pág. 108.

### C) A problemática específica da muller.

En todos os autores desta época (agás Rosalía) aparecen marcas sexistas na linguaxe, á vez que representan un modelo de muller moi determinado, que responde a imaxes tópicas que veñen fixadas pola cultura, a tradición ou as propias artes.

1.- Repara, e tira conclusóns, da utilización do xénero nas palabras remarcadas nos seguintes exemplos:

- . Por onde ela pasa / fecunda os terreos/ espértanse os *homes!*. (Curros).
- . *Fillos* dos celtas. (Pondal).
- . A patria morre / ¡malia o *fillo* que a non mira!. (Curros).

2.- Observa agora a utilización do xénero feminino en exemplos como:

- . A *nai afixida* / e *espantada* escuitara dos fillos / a plática serva.(Pondal).
- . Agarima *alleeira* eses ingratos / Malas novas *madrastra* de insensatos. (Pintos).

Esta idea, convertida en tópico, chega ata o século XX. GALIZA = suave, agarimosa, doce = NAI, tamén coa variante de MALA NAI que refuga o próprio ou ignora o sofrimento dos seus fillos.

3.- Observa o valor que ten o feminino no poema de *Queixumes dos pinos* de E. Pondal: “As almas escravas”.

A identificación: *feminino=brando, cobarde*, hai que enmarcá-la dentro da estética épica que proclama Pondal.

Desde esta perspectiva analiza outros dous poemas deste autor: “Pilleina entre os Pinos soia” e “Oh, quen poidera”.

4.- Compara agora o que se di da muller no poema “Cántiga” de Curros coas mulleres que descrebe Rosalía en “A xusticia pola man” e “Tecín soia a miña tea”. Poderías apontar algunha diferéncia entre elas?. Indo máis lonxe, atopas algun punto de contacto entre a rapaza protagonista do poema de Curros e as protagonistas das cantigas de amigo medievais?.

D) O compromiso máis directamente político, entendido como defensa das ideas de liberdade e progreso proprias do liberalismo.

Neste sentido temos que diferenciar os textos que proclaiman estes ideais como algo positivo para a Galiza, (como por exemplo os poemas “¡Crebar as liras!”, “Na chegada a Ourense da primeira locomotora”, de Manuel Curros Enríquez: *Aires da miña terra*, 1880 e “A lira de Tyrteo” de Eduardo Pondal: *Queixumes dos pinos*, 1886 dos que, anos máis tarde, aportan unha visión moito máis crítica e desolada do liberalismo aplicado ao noso país, como “Na tumba de Rosalia” ou “¿Quen non xime?” da propia Rosalía).

## 2.- EXERCÍCIOS

1.- Introducirías algun outro núcleo temático neste esquema?

2.- Poderían incluir-se neste tema o grupo dos poemas que falan da “Visión mítica da

Galicia” como por exemplo “A língua tiveran “, “Dos celtas antigos” e “As almas escravas” de Eduardo Pondal. Que razóns poderían aducir-se a favor e en contra?

3.- Existe un tópico a respeito da literatura galega do XIX: o de ser esta literatura un espello dos costumes tradicionais, aportando-nos unicamente unha imaxe folclórica, dóce e saudosa do país. Isto basea-se na existéncia de moitos poemas onde se fai unha exaltación destes elementos, como, por exemplo, en “Adiós ríos, adiós fontes” ou “Nosa Señora da Barca”. Busca outros textos que estexan nesta liña e comparara-os co que di Rosalia no prólogo de *Cantares Gallegos*.

4.- Atendendo ao contexto no que escriben os homes e mulleres do Rexurdimento, pensas que esta defensa da terra tería daquela o mesmo valor que ten hoxe un poema semellante? Pensas que os seus contemporáneos vian simplemente folclore neses textos?

5.- Despois do visto neste tema, pensas que se pode sostener a teoría do Romantismo de Rosalia?

6.- Procura datos en manuais de historia e literatura sobre Rosalia. Como se explica a tremenda popularidade que, en vida, tivo esta escritora? Coincide esta visión coa imaxe que dela se deu despois da súa morte?

7.- Concordas coa tese do compromiso coas clases populares das escritoras e escritores galegos do século XIX?

### 3.- SECULO XX

#### 3.1. PREGUERRA: *Evolución do mundo tradicional e afirmación da conciencia nacional.*

A) A transformación do mundo rural tradicional.

Aparecen movementos e novos grupos sociais que impoñen cambios nas estruturas seculares, propias do Antigo Réxime. Poden-se citar:

. - O Agrarismo e o acceso á propiedade da terra: A redención dos foros é un feito importantísimo xa que, alén da trascendéncia histórica e da mudanza nas relacións sociais que trae consigo, permite racionalizar a produción agrícola e mellorar as explotacións. (Véxase por exemplo o “Hino de Acción Gallega” de Ramón Cabanillas: *Vento mareiro*, 1917).

*“Na Galiza, como noutras latitudes, o agrarismo explica-se en boa medida tanto polas mudanzas na propiedade da terra parellas á revolución burguesa, ás veces incompleta ou seródia, como polas transformacións que o mundo urbano, mercantil e industrial impón nas explotacións agrárias.*

*Debemo-nos remontar á Pragmática sanción de 1.763 que dá novos azos á institución foral, de orixe baixo-medieval, ao recoñecer os direitos que a pouco e pouco conqueriran os fidalgos, introducindo-se entre os mosteiros medievais, detentadores do domínio directo, e os labregos, traballadores reais das terras. Decatemo-nos aseade do que realmente supuxeron as leis desamortizadoras liberais no agro galego: venda de rendas, un 70 % do total, máis que de propiedades no sentido burgués da palabra, quer dizer propiedade plena ou total. Comprou-se o direito a percibir unha*

*renda. Perpetua-se así un grupo social de rendistas: os fidalgos de outrora e os novos compradores de rendas, urbanos ou absentistas, de arrestora.*

*Deste xeito continua habendo na época contemporánea unha división da propriedade entre doux grupos: os pagadores de rendas e os cobradores das mesmas. Se ao devandito engadimos a tradicional compartimentación da explotación agraria, minifundismo, temos as principais claves da miséria do labrego, tema arquetípico da literatura galega (...).*

GONZALEZ PROBADOS, M.: “O agrarismo galego” in *Ramón Cabanillas. Camiño adiante*, Extra A Nosa Terra, Vigo, 1989, pp. 46-47.

.- Aparición de novos sectores económicos (pequena burguesía ligada ao comércio) que, xa por ser estranxeira, xa por ánsia de desclasamento, vai viver de costas ao país. (Isto pode-se comprobar nalgúns personaxes das obras de Ramón Otero Pedrayo: *Os camiños da vida*, 1928, de Vicente Risco: *O porco de pé*, 1928 e de Rafael Dieste: *A fiesta valdeira*, 1927).

.- A desfeita da aldea: a aldea, elemento definitório da nosa cultura, vai perdendo pouco a pouco importancia social (ao tempo que tamén desce a sua poboación). Este proceso irá acompañado dun esquecemento dos valores tradicionais. (Como se constata, por exemplo, en Ramón Otero Pedrayo: *Os camiños da vida*).

#### B) A afirmación da conciencia nacional.

A partir da asunción da Galiza e do galego como algo próprio, comeza un labor importantísimo de reivindicación cultural e política, ao tempo que se inicia a restauración de usos cultos do noso idioma. (Vexa-se *Arredor de si*, 1930 ou *Devalar*, 1935 ou, noutro sentido, de Ramón Cabanillas “(...) Magoad o Rei dunha anguria” en “O Soño do Rei Artur”: *Na Noite Estrelecida*, 1926).

Con todo, dentro desta comunidade de intereses, debemos apontar duas concepcións diferentes:

.- Unha concepción ligada a unha visión elitista e/ou fidalga, e na que o seu compromiso vai unido á idea xeral do país: Ramón Otero Pedrayo, Risco...

*“Pola sua formación intelectual eran fillos do seu tempo, mais non eran fillos da sua terra. O herdo cultural do XIX, dentro do cual naceran e frente do cual iban reaccionar, non era o do XIX galego. Era o herdo cultural do XIX europeo. E a sua reacción anovadora seguiría, como é natural, as correntes anovadoras igualmente europeas, entendendo por tales, neste caso, as que se expresaban orixinalmente en francés, en alemán, en inglés. A sua óptica intelectual permitíalles a visión de Galicia desde as correntes culturais dominantes en Europa, mais non lles permitía a visión de Europa desde Galicia. Eran, xa que logo, galegos intelectualmente alienados, como tantos e tantos fillos deste país.*

*Ao actuaren como xeneración, aparecen como fillos da sua terra e do seu tempo, pero coa fundamental novedade de que a terra e tempo xa non eran dimensións alleas entre si. A anterior dicotomía entre o vencellamento sentimental á terra, por unha banda, e o vencellamento intelectual á Europa transpirenica, por*

*outra banda, fora superado ao integrárense como xeneración. Ao tomaren nas suas mans a responsabilidade de lle dar a configuración inicial ao século XX galego tiñase operado neles unha profunda revolución interior, tiñan logrado a fusión íntima do sentimento da terra coa vivencia cultural do tempo.*

*Descubriron que Galicia era unha unidade orixinal dentro do conxunto cultural europeo e non mero espello provincián das ideas vixentes en París, en Munich, en Londres, en Berlín. Galicia tiña que vivir creadoramente o seu propio tempo histórico, tiña que expresar culturalmente a sua propia, a sua xenuina personalidade comunal. Tiña que pasar do mimetismo á creación orixinal.”*

PIÑEIRO, RAMON: “Importancia decisiva da Xeración Nós”, in *Grial*, 59, Vigo, 1.978, pp. 9-10.

- .- Outra concepción máis relacionada co popular, onde ese compromiso coa Galiza se liga con outras consideracións de tipo social: Castelao (*Sempre en Galiza*).

### 3.1.-EXERCÍCIOS

*“O século XX (...) será un tempo decisivo para Galicia, onde, ó contrario do que acontecera noutras países do hemisferio occidental, o século XIX apenas supuxer unha ruptura coas estruturas tradicionais. (...) No período que vai desde o nacemento dos nosos avós deica hoxe ten lugar o proceso de cambio desta cultura tradicional, que traemos desde tempos recuados na historia e que hoxe aparece, a pouco que se mire, totalmente trastocada, cando non desaparecida.”*

VILLARES, R.: *A historia*, Galaxia, Vigo, 5<sup>a</sup> ed., 1.990, páx. 167.

1.- Desenvolve as afirmacións do profesor Villares, especialmente aquelas onde se refire á perda de peso do mundo rural (e, xa que logo, da cultura) no seo da sociedade galega.

2.- Informa-te (nunha hemeroteca, por exemplo) dos sucesos de Larín do ano 1991. Busca tamén materiais nalgún manual de História contemporánea da Galiza a respecto de: foros, loita pola redención, agrarismo...

Observa a foto de portada de *La Voz de Galicia* (17-4-91), na que se ve a expulsión dos caseiros de Larín da sua casa e compara-a, por exemplo, co debuxo de Castelao do álbum *Nós* que di “Chora porque o cacique deixouno a pedir. Se fose un irmán labrego teríalle fendido o corazón”. A partir desas duas imaxes, non moi diferentes entre si, aínda que entre elas haxa máis de 70 anos de distancía, e do poema “A xustiza pola man” de *Follas Novas* de Rosalía, explica brevemente a evolución histórica da cuestión, atendendo especialmente aos problemas ligados á propriedade da terra que aínda subsisten hoxe no noso país (pervivéncia de arrendos históricos, dificuldades legais...).

3.- Que visión se nos dá da Galiza nos textos xa citados de Otero e de Risco?

*“Con todo, a aportación literaria, artística e política desta xeración foi decisiva, desde o punto de vista de que conseguiron definir e desenvolver un concepto clave para a construcción do nacionalismo, como é o de cultura galega, á que concederon a misión de fundamentala realidade diferencial de Galicia. Onde “non hai*

*cultura propia, non hai pobo”, dicía Risco, mostrando así a identidade entre capa-cidade cultural dun pobo e o seu grado de desenvolvimento histórico”.*

VILLARES, R: *A historia*, Galaxia, Vigo, 5<sup>a</sup> ed, 1990,  
páx. 213

4.- Como entenden o “compromiso” os integrantes deste grupo? É a mesma concepción que vimos no século XIX?

Axudando-te dos debuxos e doutros textos de Castelao, pensas que a idea que este ten do “compromiso” coa Galiza coincide totalmente coa que vimos de analizar en Otero ou Risco?

### 3.2.: POSGUERRA: A “literatura comprometida”

A) Tomando como antecedentes os autores do exílio, Lorenzo Varela, Luis Seoane (comproba-o nos poemas “A Rui Xordo” de Lorenzo Varela: *Catro poemas pra catro grabados*, 1944 e “Celsa R.I. aforcouse en xullo do 74” de Luis Seoane: *A maior abundamento*, 1972) e, en grande medida, como resposta necesaria á situación política que se vivia no país, comezan a aparecer textos poéticos caracterizados polo seu ton de protesta e denuncia (como poden ser “Tempo de chorar” de Celso Emilio Ferreiro: *Longa noite de pedra*, 1967, “Canción para cantar tódolos días” de Manuel María: *Canciós do lusco e fusco*, 1970, “Viaxe ao país dos ananos” de Celso Emilio Ferreiro: *Viaxe ao país dos ananos*, 1968 ou “Final” de Bernardino Graña: *Profecía do mar*, 1966).

Centrarán-se na expresión da angustia social e persoal, na reivindicación cultural, lingüística e política, na falla de compromiso de moitos galegos e galegas... e serán un punto de referencia obrigado para toda a poesía posterior.

Isto é o que tradicionalmente se ten agrupado baixo a etiqueta, vaga, de “poesía social”.

B) Ao tempo ten-se desenvolvido unha narrativa con moitos puntos de contacto.

Respeitando basicamente as convencións realistas, os autores describen o país, a pobreza, a desigualdade social, as tensións que isto xera entre os individuos (como ben se pode ver na novela de Eduardo Blanco Amor: *A Esmorga*, 1959), a emigración...; ao tempo, aponta-se o camiño para a superación destas circunstancias (por exemplo en *Xente ao lonxe*, 1970 de E. Blanco Amor ou na narrativa de X. Neira Vilas).

C) Os novos escritores que publican á altura dos anos 70 (Nova narrativa galega) introducen novas técnicas de cara á renovación do discurso narrativo, (isto pode-se observar, por exemplo, en Carlos Casares: *Xoguetes para un tempo prohibido*, 1975, en Xohana Torres: *Adiós, María*, 1976, en M<sup>a</sup> Xosé Queizán: *A orella no buraco*, 1965 ou en Xohán Casal: *O camiño de abaixoa*, 1970).

Se ben en canto áos elementos formais utilizados teñen pouco que ver cos escritores anteriores, o compromiso coa realidade subsiste e o seu discurso segue a estar moi vinculado ao seu momento histórico.

D) Por último, podemos falar dun novo grupo no que imos englobar tanto poesía como prosa. Definiremo-lo como unha síntese de múltiples elementos: un producto onde confluyen materiais propios da recriación mítica da Galiza (ligados a Pondal, Cabanillas...), da poesía e a narrativa culturalistas (Otero Pedrayo, Cunqueiro, Carvalho Calero, A. Iglesia Alvariño...), da renovación formal da “Nova narrativa”...; todos estes materiais diversos misturan-se con elementos tomados da realidade concreta que lles dá orixe.

Así, da suma de todo o anterior, xorde un novo tipo de “compromiso”: Cria-se un universo literario, aparentemente fantástico, mais no que subxace unha coerente interpretación da nosa historia pasada e presente.

Como exemplo do anterior podería-se utilizar boa parte da obra de X.L. Méndez Ferrín (a modo de exemplo propoñemos a análise de “O dique de area” en *Percival e outras historias ou Retorno a Tagen Ata*, como exemplo da prosa, e “En Compostela pode un home” como exemplo da poesía deste autor). A respecto do tema que nos ocupa, e por citar outro autor, pode-se ver tamén o poema “E frutos de pedra derramábanse” de *Tempo de Compostela* de Salvador García-Bodaño.

Esta visión vai ter unha enorme repercusión posterior, tanto nos autores deses anos (metade dos 70) como nos que comezan a publicar despois desas datas.

### 3.2.- EXERCÍCIOS

1. Fai unha selección de textos (xa sexan relatos ou poemas) de autores ou autoras más novos que os/as nomeados/as até aquí e que poidan situar-se neste tema.

2.- Este conceito do “compromiso social” da literatura ten sido valorado, entre nós, de xeito moi diverso segundo a época e as circunstancias. De ser considerado case como a única estética válida, pasou-se a un desinterese (ou mesmo desprécio) por autores e obras que se mantíñan nela. Reflexiona sobre as razóns que poden levar a estas opiniós aos lectores/as e críticos/as.

3.- Está “de moda” a literatura comprometida?

Pon exemplos, en calquera campo da producción artística (literatura, pintura, cine, vídeo, música...), de obras que consideres que poderían ser definidas como “comprometidas” (entendendo este termo dun xeito moi amplio e xeral).

4.- Elabora a tua propia definición sobre este termo que estamos a utilizar, que é o compromiso na arte?

5.- Cres que escreber en galego ten algo que ver cunha concepción determinada da Galiza ou é unha escolla afastada de calquer tipo de cuestións políticas ou ideolóxicas?

## BIBLIOGRAFIA

A bibliografía que se podería propor para este tema é moi extensa. Á parte da que xa se citou ao longo do traballo, o próprio desenvolvimiento na aula ou as demandas do alumnado irán establecendo a necesidade doutros textos e materiais paralelos. Apontar aquí unha bibliografía básica non tería, pois, moito sentido.

Pola contra, parece-nos más útil indicar unha serie de antoloxías que serán un punto de partida fundamental para a tarefa do alumnado ao lle fornecer unha moito más doada localización dos textos propostos. Cumpre termos en conta, ademais, que no caso dos textos medievais estas antoloxías se converten en instrumentos indispensábeis.

ALONSO GIRGADO, L.: *Antoloxía do conto galego. Século XX*, Galaxia, Vigo, 1989.

ALVAREZ BLAZQUEZ, X.M<sup>a</sup>: *Escolma da poesía medieval*, Galaxia, Vigo, 1975.

CATEDRA DE LINGÜÍSTICA E LITERATURA GALEGAS: *Prosa galega 1 e 2*, Galaxia, Vigo, 1976 e 1978.

FERNANDEZ DEL RIEGO, F.: *Antoloxía da poesía galega. Do posmodernismo aos novos*, Galaxia, Vigo, 1980.

FERNANDEZ P-SANJULIAN,C. e MATO FONDO,M.: *Literatura galega. Textos escollos*, Bahia, A Coruña, 2<sup>a</sup> ed., 1992.

GONÇALVES, E. e RAMOS, A.M<sup>a</sup>: *A lírica galego-portuguesa*, Comunicacao, Lisboa, 1983.

GONZALEZ GARCES, M.: *Poesía gallega de posguerra (1939-1975)*, Ed. do Castro, Sada, 1982.

LANDEIRA YRAGO, X.: *Antoloxía da poesía galega. Dos devanceiros ao dezaoito*, Galaxia, Vigo, 1975.

LOURENZO, M. e PILLADO, F.: *Antoloxía do teatro galego*, Ed. do Castro, Sada, 1982.

NORDES: *Antoloxía da poesía galega actual*, Ed. do Castro, Sada, 1978.

PENA,X.R.: *Literatura galega medieval II. Antoloxía (Lírica e prosa)*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1986.

RODRIGUEZ, L.: *Invitación á narrativa*, Galaxia, Vigo, 1983.

RODRIGUEZ, L.: *Desde a palabra, doce voces. Nova poesía galega*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1986.

VV.AA.: *Literatura galego-portuguesa medieval*, Via Láctea, A Coruña, 1987.

VV.AA.: *Literatura galega: Séculos Escuros e Rexurdimento*, Via Láctea, A Coruña, 1988.

VV.AA.: *Literatura do século XX*, Via Láctea, A Coruña, 1988.